

Sempre chamamos

Sempre chamamos, Xesús.

Con agarimo cada día que amence.
Con murmurios no silencio da noite.
Con tenrura cando o cansazo nos vence.
A berros no ruído do mundo.
Con constancia cando nos equivocamos de camiño.

Sempre chamamos.

Desde a dor dos que sofren sen consolo.
Desde a alegría dos que cantan á vida.
Desde o amor dos que atenden ao próximo.
Desde a paixón dos que se esquecen de si mesmos.

Sempre chamamos.

Quero ser hoxe pescador de homes.
Quero lanzar a rede para que atopen pan e fogar.
Aí van os meus brazos, as miñas redes e o meu corazón.
E que un día caia eu tamén nos teus brazos, Señor



21-xaneiro-2024
3º ORDINARIO-B

Dom. da
Palabra de Deus



Señor, tu repites a cada uno de nosotros:

«Permaneced en mí, como yo en vosotros» (Jn 15,4).

Te pedimos la gracia de confiar plenamente en tus palabras

que ahora se han convertido en nuestra vida. Haz que,

al ofrecernos constantemente por la vida del mundo, como tú lo hiciste,

nos encontremos como tus amigos. Así estaremos siempre rodeados

por la luz de tus palabras y calentados por su gracia, permanentemente

insertados en ti que eres la Palabra del Padre,

llena del Espíritu de Amor.

Amén.

La Palabra
de
DIOS

Domingo de la Palabra de Dios
21 de enero 2024



«PERMANECED EN MI PALABRA»
(Evangelio de Juan 8,31)

ALGUNHAS ACTIVIDADES PARA O DOMINGO DA PALABRA DE DEUS

*Que os nenos traian a misa biblias e bendicímolas. Bendicimos os lectores e entregámo-lle o “decálogo do lector”. Regalar evanxeos ou “o evanxeo de cada día” aos pais para que oren en familia na casa e os traian no peto. Convidar a participar nos grupos bíblicos... Organizar unha xornada de lectura continua da biblia nalgún lugar por diferentes persoas, mesmo públicas. Facer unha celebración de entronización da Biblia. Ver xuntos películas, series bíblicas (por exemplo, The Chosen). * Levar a Palabra no teu teléfono móbil para acudir a ela en calquera momento. Visitar unha igrexa e descubrir nas vidreiras, mosaicos, imaxes ou retablo episodios bíblicos. Realizar unha semana Bíblica. Adornar o altar ou a casa con distintas biblias.

A mellor técnica para pescar
é poñer unha luz, poñer a Xesús

Ordinario 3º

XONÁS 3,1-5.10 *Os ninivitas convertéronse da súa mala vida*

Naqueles días, veu a palabra do Señor sobre Xonás: «Levántate e vaite a Nínive, a gran cidade, e predícalle a mensaxe que che digo.» Levantouse Xonás e foi a Nínive, como mandou o Señor. Nínive era unha gran cidade, tres días facían falta para percorrela. Comezou Xonás a entrar pola cidade e camiñou durante un día proclamando: “*Dentro de corenta días, Nínive será destruída!*» Creron en Deus os ninivitas; proclamaron o xaxún e vestíronse de saco, grandes e pequenos. E viu Deus as súas obras, a súa conversión da mala vida; compadeceuse e arrepeníuse Deus da catástrofe con que ameazara a Nínive, e non a executou.

Palabra do Señor.

SAL. 24: Señor, ensíname os teus camiños

1 CORINTIOS 7,29-31: *A representación deste mundo termínase.*

Digo isto, irmáns: que o momento é premente. Queda como solución que os que teñen muller vivan coma se non a tivesen; os que choran, coma se non chorasen; os que están alegres, coma se non o estivesen; os que compran, coma se non posúisen; os que negocian no mundo, coma se non gozasen del: porque a representación deste mundo termínase.

Palabra do Señor.

MARCOS 1,14-20: *Convertédevos e crede no Evanxeo.*

Narrador: Cando arrestaron a Xoán, Xesús marchouse a Galilea a proclamar o Evanxeo de Deus. Decía:

Xesús: -«*Cumpriuse o prazo, está preto o reino de Dios: convertédevos e crede no Evanxeo.*»

Narrador: Pasando xunto ao lago de Galilea, viu a Simón e ao seu irmán Andrés, que eran pescadores e estaban a botar o copo no lago. Xesús díxolles:

Xesús: -«*Vide comigo e fareivos pescadores de homes.*»

Narrador: Inmediatamente deixaron as redes e seguiron. Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo de Zebedeo, e ao seu irmán Juan, que estaban na barca repasando as redes. Chamounos, deixaron a seu pai Zebedeo na barca cos xornaleiros e marcháronse con el.

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús).



A mellor técnica para pescar é poñer unha luz, é poñer a Xesús

1. VER: Como pescar

- Imaxinádevos que nos imos de pesca. Na costa utilizan moitas técnicas: cunha cana, cunha rede, cunha nasa, cunha barca etc. Depende do que imos pescar, do lugar e as posibilidades. Algúns dos apóstolos, antes de seguir a Xesús eran pescadores, tiñan barca e así se gañaban a vida.

Gústache a pesca? Que pesca ensinou Xesús aos apóstolos?

2. XULGAR: Xesús chámate: “ven e sígueme”

- No evanxeo deste domingo, Xesús vai a Galilea a anunciar a gran noticia: “**está preto o Reino de Deus**”. E para construír o Reino **elixe os apóstolos**. De momento chama a Simón e Andrés, Santiago e Xoán para ser “**pescadores de homes**”. Eles, “**inmediatamente deixaron a redes e seguiron**”. Vide en pos de min, película: http://youtu.be/_zFSihWVHWI **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- **Xesús chama aos seus primeiros discípulos**, aos seus primeiros amigos para vivir a aventura do Reino. Chama a Pedro e a Andrés, a Santiago e a Juan que están a traballar. Dilles: “*Vide comigo*”. Eles déixano todo e séguenlle. Tamén Xonás escoitou a voz de Dios e vaia cambio que provocou.

- **Hoxe Xesús segue botando as redes**, necesitamos a nós para “**ser pescadores de homes**”, é dicir, para anunciar a todos que Xesús quérenos, unha misión apaixonante, levar a súa luz e a súa calor a todos.

- Se lle dicimos que si, **El como facelo: Xesús é a LUZ. Para atraer aos peixes esa é a técnica, mostrar a Xesús**. Como? Co testemuño de vida, parecendonos a Xesús, facendo e dicindo o que El fixo e dixo. Así experimentarán que: “*Xesús ámate, deu a súa vida para salvarte, e agora está vivo ao teu lado cada día, para iluminarte, para fortalecerte, para liberarte*”.

- Hoxe é o **Domingo da Palabra de Deus**: Xesús segue chamándonos, falándonos polos evanxeos. Valoremos esa LUZ que temos, escoitémola con atención, orémola, tratemos de vivila e anuncia-la... Familiaricémonos con ela, leámola en familia. Domingo 3º Ord-B, explicación “*Cousas de Deus*”:

<https://youtu.be/9zER5Mh12t8>

Conta con todos, Verbo Divino 2021, reflexión: <https://youtu.be/sVKsaLxMcd8>

Acólles a chamada de Xesús? Como ser o seu pescador?

3. ACTUAR: Sígueme, leva a luz de Xesús

- Xesús chámate. Un pouco de silencio. Oe a súa voz. Pensa a quen podes anunciar a Xesús, contaxiar o seu amor, levar a súa luz. Preparade a celebración do domingo da Palabra de Deus.

Que estás disposto a facer?